

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezanove de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, o Sr. alcalde pide que se garde un minuto de silencio pola perda de dous galegos ilustres que faleceron este mes, don Isaac Díaz Pardo e don Manuel Fraga Iribarne.

A continuación, e antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o Sr. alcalde explica que van facer unha declaración institucional sobre un veciño de Cambre que secuestraron en Venezuela.

Declaración institucional do Concello de Cambre

Ao longo do día de hoxe recibimos a desafortunada noticia de que un veciño de Cambre emigrado a Venezuela leva dende o pasado fin de semana secuestrado e privado da súa liberdade contra a súa vontade. Dende este Concello queremos mostrar a nosa máis absoluta condena ante estes feitos e a nosa total solidariedade con Juan Cortés e a súa familia.

En nome de todos os veciños de Cambre esiximos aos captores desta persoa a súa inmediata posta en liberdade. Así mesmo esiximos do Goberno da Nación e especialmente da Embaixada de España en Venezuela, que poña todos os medios á súa disposición para lograr a inmediata liberación do noso compatriota.

E finalmente ao Goberno de Venezuela para que actúe, identifique e axuíce os responsables deste acto criminal. O Goberno de Cambre e toda a Corporación estarán ao lado de Juan e de toda a súa familia. Dende este momento poñémonos á súa disposición.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle gustaría que se dea traslado deste acordo aos familiares do desaparecido do Concello de Cambre.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio de 2010

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de data 13 de decembro de 2011.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 13 de xaneiro de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que quere lembrarlle ao equipo de goberno que iniciaron esta lexislatura cunha moción que presentou o PP na cal instaban a aprobar a remisión ao Tribunal de Contas da Conta do 2010 que non tiñan aprobado. Naquel momento o PSdeG-PSOE explicou que ese non era o procedemento, que ao Tribunal de Contas non se vai a instancia de parte, senón de oficio, e lembráronlle ao PP que aínda non tiñan aprobado a Conta que pedía que se remitira.

Di que o PP alegaba que nunca o Concello de Cambre tiña rendido a Conta a tempo e que, polo tanto, nunca fora sometido a auditoría de regularidade. Naquel momento recordáronlles tamén que se querían que a partir de entón as contas do Concello de Cambre se sometese á auditoría de regularidade, era o momento de que se puxeran en marcha e presentaran a tempo a Conta.

Pois ben, transcorrido todo o ano, pasou o mes de outubro, que é a data indicada para presentar a Conta, e de novo foron incapaces de aprobar, de novo, a Conta do 2010 do Concello de Cambre.

O goberno municipal convocou a Comisión Especial de Contas para ditaminar a Conta no mes de decembro, coa consecuencia que isto ten de que non sexa sometida a auditoría de regularidade, que era o que o PP propoñía na moción. Outra das consecuencias que non sabe se coñecen, dérivase do Decreto da Xunta do ano 2011, no cal se establecen as especialidades nas subvencións ás entidades locais, entre as cales se esixe, para acceder a calquera subvención da Xunta, que os concellos teñan rendida a Conta.

Di que hoxe hai unha noticia no diario 'El País', sobre ese tema que contén algún pequeno erro, porque hai algunhas desas axudas que non finalizaron, pero xa houbo axudas en materia de formación para adultos, promoción do galego, fomento da igualdade, infraestruturas de uso público, ás que nalgún caso non puido acceder o Concello de Cambre, como consecuencia de non ter rendida a Conta Xeral.

Ademais non sabe se caeron na conta de que son só 35 concellos de Galicia os que non renderon a Conta en prazo. Na provincia da Coruña 6 concellos son os únicos que non renderon en prazo e, de todos eles, o concello de maior poboación é o Concello de Cambre.

Di que cando foi a Comisión Especial de Contas a concelleira da materia informoulles do déficit, do resultado negativo da Conta no ano 2010, que ela mesma recoñeceu que se debía, sen máis, á situación económica.

Respecto da rendición de contas, dende o servizo de Intervención asumíase que o atraso na rendición se debía á falta de persoal, ela preguntou se era conxuntural ou estrutural, e a interventora contestou que estrutural. Por iso, di que lle gustaría saber que medidas pensa adoptar o goberno municipal, en concreto o Sr. alcalde que é o xefe de persoal, ou o concelleiro que ten delegadas as competencias, para dotar de todos os medios persoais e materiais necesarios á Intervención municipal, para que esta sexa a última vez que o Concello de Cambre presenta fóra de prazo a Conta Xeral, porque isto a partir de agora vai ter un custo económico para o concello.

Conclúe manifestando que, dito isto, o seu grupo vai votar a prol, porque saben que simplemente é un trámite necesario para poder rendir e enviar a Conta ao Tribunal de Contas. En todo caso, queredrían saber de que medios se van a dotar para evitar esta situación no futuro.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o certo é que a situación está bastante complicada para dotar medios. A última Lei de orzamentos xerais do Estado fixou unha taxa de reposición do persoal de 1 cada 10 baixas e, ademais, impediu que as entidades locais aumentaran o seu cadro de persoal para o exercicio 2011, e agora foi prorrogado para o ano 2012. É dicir que non van poder ampliar persoal, van ter que amañarse co persoal que teñen agora.

Dito isto, di que asumen o seu erro de telo traído fóra de prazo, e intentarán facer o posible para que o vindeiro ano a Conta Xeral se presente dentro de prazo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que ela non falaba de aumentar o persoal, pero sen dúbida hai outras medidas a adoptar de reestruturación interna para as cales non é necesaria abrir unha oferta pública de emprego. Esas medidas son ás que se referían e as que agardan que se adopten no futuro.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, di que dende o seu grupo municipal, e seguindo co manifestado na Comisión Especial de Contas do pasado 13 de decembro, non queren deixar de mencionar que son conscientes de que este actual goberno non é o responsable político da xestión desta Conta, pero si o vai ser da vindeira, e, de cara ao futuro, queren lembraralles as súas constantes críticas realizadas cando non eran goberno, senón oposición, tal e como consta nas actas das Comisións de Contas de exercicios anteriores. Di que agora é o momento de que poidan poñer en práctica todas as súas demandas á anterior Corporación, demandas que nalgún caso tamén eles comparten.

Do mesmo xeito, tal e como manifestou na Comisión Especial de Contas, despois de sete meses que levan de goberno en Cambre, agarda que co comezo do ano vaian xa finiquitando co retrouso de botarlle a culpa de todo ao anterior goberno, como escusa ante calquera tipo de cuestión que se lle fai especialmente espinosa, como por exemplo respecto deste tema, ou ante calquera tipo de rogo ou pregunta que lles fan dende a oposición. Di que agora son eles os que gobernan.

Respecto da Conta Xeral de 2010, quere concluír dicindo, primeiro, que manteñen a abstención como voto para a aprobación da Conta Xeral. Segundo, que agardan que os reparos de Intervención se vexan reducidos de cara á aprobación das vindeiras contas, e iso está na man do actual goberno, posto que nesta Conta os reparos son dun 12,61%, o que equivale a unha xestión mal depurada e carente de transparencia contable. Este argumento, de feito, foi o que viña achacando o PP á anterior Corporación, sendo oposición, repítelles que agora son goberno. Terceiro, e último, coida moi importante ter en conta o indicado no punto dous das conclusións do informe da Intervención, en referencia á necesidade de tramitar os expedientes de contratación dos servizos que a día de hoxe aínda se están a prestar sen contrato en vigor. Este requirimento tamén lles soará, porque era o que o PP facía, ano tras ano, nas contas anteriores. Insiste en que agora son eles os que deben levalo a cabo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre quere puntualizar que eles o que criticaban era falta de transparencia na xestión, non na contabilidade, son cousas distintas, e supón que a concelleira de EU o comparte con el.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2010, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

2º Proposta de aprobación das tarifas do Programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, e da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Comercio de data 12 de xaneiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 17 de xaneiro de 2012.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o servizo do Mañanceiro é un programa para conciliar a vida familiar e laboral. Co novo contrato asinado, conseguiron que, co mesmo servizo, o Concello pague 10.000 euros menos, e que tamén os pais paguen un pouco menos nas cotas mensuais. Di que se ampliou o número de alumnos, o curso pasado eran 235, este ano son 276.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto emitido nas comisións informativas do martes, de abstención. Obviamente están de acordo, como non pode ser doutro modo, coa redución das tarifas para os usuarios, pero botan en falta que o equipo de goberno traia a este pleno unha ordenanza actualizada que recolla as circunstancias especiais, as circunstancias actuais das familias, iso tendo en conta que a última ordenanza foi modificada no ano 2009. Gustaríalles que así fose. Teñen entendido que están elaborando e redactando unha nova ordenanza, se o equipo de goberno entende que os grupos presentes na Corporación poden colaborar de cara a consensuar a súa redacción, di que conten con eles.

O Sr. alcalde agradece a oferta de colaboración e di que o terán en conta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o seu voto das comisións, van votar a prol, e ademais van felicitar ao goberno polo aforro deses 10.000 euros. Pídelles que non o malgasten agora.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, tendo en conta o carácter social deste servizo, e sendo unha medida básica para conciliar a vida familiar e laboral, e sempre que con esta nova contratación estean garantizando o servizo que se presta, o seu grupo non se vai a opoñer á aprobación do dito programa e, polo tanto, van manter o voto das comisións, a abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC, e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

Mes completo	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo	45,50 euros	53,25 euros	58,00 euros
Sen almorzo	30,75 euros	42,00 euros	45,25 euros

Días soltos	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo	2,00 euros	2,25 euros	2,40 euros
Sen almorzo	1,25 euros	1,60 euros	2,00 euros

O Concello de Cambre aboará, sobre o importe da tarifa, como regra xeral, o 20% do custo do alumno e o 80% restante, aboarase directamente ao adxudicatario polos usuarios mediante o pago da correspondente tarifa.

Así mesmo, o Concello de Cambre custeará o 100% do importe da tarifa de tres alumnos por centro, tras un informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. Este número de prazas poderían ser trasladadas a outro centro, para o caso de que non se prestase o servizo nalgún deles.

Tamén custeará sobre as tarifas por alumno un 30% para outro número de alumnos que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis:

a) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

Renda “per cápita” mensual	1 fillo	2 fillos	3 o máis fillos
276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,30-367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,88-613,12 euros	1 punto	2 puntos	3 puntos
613,12-858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

b) Por ser familia monoparental: 3 puntos

No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos.

Segundo: Publicar as tarifas e reducións aprobadas para xeral coñecemento.

3º Proposta da Alcaldía de cambio de data de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas e do pleno

Vista a proposta da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 17 de xaneiro de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que cando se aprobou a proposta de fixar os días de celebración dos plenos ordinarios para a penúltima semana do mes, obedeceu a un acordo que foi levado a pleno e aprobado pola totalidade dos grupos da Corporación.

Na nova proposta que se presenta pola Alcaldía fálase de que para mellorar a práctica administrativa parece necesario volver ao planteamento de celebración de plenos e comisións na última semana de mes e, dende logo, non van ser eles os que se obstinen en manter unha posición que produce un menoscabo na eficacia da administración municipal.

Conclúe dicindo que os grupos faláron do tema e van cambiar o seu criterio e apoiar o cambio de data de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas e do pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que esta foi unha proposta que fixeran os concelleiros do BNG, na idea de que os plenos de Cambre se celebraran o penúltimo xoves de mes, e así non coincidir co resto dos plenos da área metropolitana, dos concellos limítrofes, e poder darlle maior cobertura ao pleno de Cambre.

Transcorridos seis meses, todos observaron que a cobertura practicamente non cambiou, que é a mesma, a realidade todos a coñecen. Ademais, por parte do goberno se transmite que ese cambio produciu distorsión no labor do goberno, e na propia administración local.

Di que eles non queren, nin pretenden iso, senón todo o contrario, a súa idea é facilitar o máis posible o traballo e, polo tanto, van apoiar a proposta do goberno, xa que non queren, para nada, distorsionar o que é a vida política municipal, nin do goberno, nin da administración, nin dos traballadores.

Concedida a palabra a don Alfonso Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que, en primeiro lugar, eles queren agradecer aos grupos políticos na oposición en Cambre, PSOE, UxC, EU e PdeC, a súa boa disposición e apoio en caso de que o BNG se

mantivese inamovible no seu cambio de data dos plenos para o último xoves do mes. Pero despois de escoitar os dramáticos lamentos do equipo de goberno, e no afán de non impedir un ápice o seu labor, di que van aceptar o cambio de data.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Modificar os acordos adoptados en sesión extraordinaria de data 12 de xullo de 2011, e, para tal efecto: Fixar como data para a celebración do pleno ordinario o último xoves de cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.

Segundo: As comisións informativas permanentes reuniranse en sesión ordinaria o martes anterior ao día que teña lugar o pleno ordinario, ás 20:00 horas. Se o citado día fora inhábil, terán lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

4º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e por don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC). Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción conxunta presentada polos grupos do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e concelleiro do PdeC, sobre a mellora da mobilidade entre Culleredo e Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 364 o día 14 de xaneiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“Nos anos 2008 e 2009 a estrada AC211 dende a ponte da Pasaxe á NVI, tanto nos municipios de Cambre e Culleredo, a Xunta de Galicia ven investindo cantidades importantes de cartos para mellorar a mobilidade e a seguridade en ambos concellos, dando un tratamento de travesía en ambos os dous concellos, interrompéndose a continuidade das obras coa chegada do PP á Xunta no treito: Rotonda Avda. da Coruña, coa rotonda da autoestrada en Cambre, deixando “sine die” a continuidade das obras, nun dos tramos máis necesarios de investimentos, tendo en conta os atascos que

sufrimos diariamente, a inseguridade da ponte sobre a ría para os peóns, a falta de iluminación, a varanda nun estado calamitoso, etc.

Esta realidade que vemos e sufrimos todos os días, non é un problema para o Sr. alcalde de Cambre, declara publicamente que non vai facer nada para resolver esta situación, xa que a situación económica non é boa, e polo tanto haberá que seguir sufrindo todos os inconvenientes, importándolle moito máis a insuficiencia financeira da Xunta que resolver os problemas veciñais.

Á vista da desidia do alcalde de Cambre neste aspecto, os grupos políticos, presentamos a seguinte moción ao Pleno:

- a) Solicitar unha entrevista coa directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia para expoñerlle o problema.
- b) Solicitar á Xunta de Galicia a consignación orzamentaria para resolver o problema de mobilidade e seguridade dende Culleredo á rotonda da AP9 en Cambre, coa ampliación dun carril máis de circulación en dirección a Cambre e unha pasarela peonil na marxe esquerda da ponte que comunique ambos os dous paseos da ría, dotándolle de iluminación e a mellora da varanda actual.

Todo iso, con base na necesidade de contar nesta área cunhas estradas que resolvan os problemas descritos, dinamizadoras da economía entre ambas as dúas marxes da ría.”

O Sr. alcalde manifesta que isto, sinceramente, non é unha moción, é un rogo, pero aínda así vai a contestala como moción, porque así se permitiu ata agora.

Di que acusan ao alcalde de Cambre de desidia e de non facer nada, e non sabe por que poñen na súa boca que a el non lle interesa para nada a comunicación entre Cambre e Culleredo. El reuniuse onte co alcalde de Culleredo, para tratar de resolver o problema. O único co que el non estaba de acordo era con realizar unha obra faraónica, cunha pasarela que ía colgada, cuns tensores, cando por riba Patrimonio rexeitara ese proxecto. Con iso era co que non estaba de acordo.

Na reunión co alcalde de Culleredo, onte pola mañá, levoulle unha proposta que puxo enriba da mesa, para que a viran os técnicos de Culleredo e o seu alcalde. Quedaron de levar conxuntamente esa proposta á Xunta. Consiste basicamente en poñer tres carrís na ponte, eliminando as dúas beirarrúas, e colgar unha pasarela, cunha beirarrúa de 1,80 metros, unha senda peonil que una os dous paseos.

Esa proposta levouna el en man, con todo o seu interese, o que pasa que non o puxo na prensa. Tamén é verdade que quedou co alcalde de Culleredo de non facelo público ata ter a reunión coa Xunta, cousa que non sabe se será verdade, vai poñelo en dúbida, porque xa recibiu noticias de que hai unha noticia de prensa para mañá.

Di que el ten moita preocupación coa ponte do Burgo, é máis, o día do vertido de queroseno na ría, estivo con todos os responsables políticos da Xunta, e unha das cousas que lles pediu foi a ampliación da ponte do Burgo, a iluminación, e poñer unha varanda nova, e iso xa o explicou neste pleno.

El sabe que a Xunta ten dificultades económicas, pero a proposta que van presentar conxuntamente os alcaldes de Culleredo e Cambre, é unha solución que non incrementa o custo que ten destinado a Xunta á reforma desa ponte.

Conclúe dicindo que, por suposto, está de acordo coa moción en todo, menos nos termos que falan da desidia do alcalde de Cambre.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que presentaron a moción hai uns días, e unha cousa boa que ten isto das mocións é que mobiliza ao persoal. Di que el tamén estivo co alcalde de Culleredo, e o alcalde de Culleredo quedou con el de presentar esta moción no pleno da semana que vén. El ten a palabra do alcalde de Culleredo de que esta moción vai ser conxunta Cambre e Culleredo.

Di que o Sr. alcalde aclarou agora moitas cousas, pero o que publicou a prensa o día 5 de xaneiro estaba bastante claro, por exemplo, en ‘La Opinión’ coméntase que o actual alcalde de Cambre, Manuel Rivas, se desmarca da postura sostida polo seu antecesor, Antonio Varela, e considera que ampliar o viaducto cun carril de circulación máis, non é necesario.

Di que cambiar de idea é de sabios pero en ‘La Voz de Galicia’ tamén houbo máis declaracións no mesmo sentido: “A decisión abriu un conflito nos dous municipios afectados, xa que en Cambre son partidarios dun novo proxecto, formulado pola Xunta, mentres que Culleredo reclama unha solución definitiva coa ampliación da ponte. Desta forma, o alcalde cambrés, Manuel Rivas, considerou que un novo proxecto elaborado pola Xunta é a maneira máis viable e rápida para solucionar a seguridade viaria e os atascos.”

Explica que iso se refire a que o Sr. alcalde de Cambre manifestou que cunha rotonda na zona do Paraugas, arranxaban o problema.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que el non ten ningún interese en aforrarlle cartos á Xunta, o único interese é que os cartos que asigne a Xunta a arranxar a ponte, facendo tres, catro ou cinco carrís, iso dálle igual, solucionen o problema de Cambre, porque irá en beneficio de todos, e cando mañá pidan algo máis á Xunta, pois daralles máis se son capaces de facer un proxecto que solucione o problema definitivamente.

Di que o Sr. Rodríguez Abella falou tamén de ter as mocións por adiantado. Pois ben, presentaron a moción o día 14, e o alcalde de Culleredo xa dixera na prensa o día 12, que o día 18 se reuniría co alcalde de Cambre, iso díxoo publicamente na prensa, cando

aínda non se tivera presentado a moción. É dicir, a súa reunión estaba prevista para varios temas, non só o da ponte do Burgo. Polo tanto, que non lle digan que é resultado de ter presentado unha moción. E, como xa dixó, quedou co alcalde de Culleredo en levar conxuntamente á Xunta o proxecto antes de facelo público.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o que é certo é que mocións destas características, con independencia da redacción, o que están trasladando á Corporación en xeral, é a preocupación por este tipo de situacións. É unha preocupación que todos os grupos da Corporación teñen, incluído o grupo do goberno, e, dende logo, o axeitado é explicitala nun pleno.

Di que lle agrada sobremaneira esa manifestación que fixo o Sr. alcalde de que non ten ningún interese en aforrarlle o diñeiro á Xunta, parécelle o máis axeitado, porque a solución que hai que adoptar aí é a que necesita esa zona. Non se trata de aforrar diñeiro, porque moitas veces o barato sae caro a longo prazo. Parécelle moi ben a reunión co alcalde de Culleredo, e que ambos alcaldes colaboren para buscar a mellor solución posible, tendo en conta que é difícil, porque a circulación que vai por alí é moi grande, e as limitacións da ponte do Burgo son as que son.

Tamén dicir que, se non acertan nun momento determinado na redacción dunha moción, ou se fan manifestacións que non atinxen á realidade nun momento determinado, tamén pode ser porque é certo que a prensa, ao mellor ás veces, recolle determinadas manifestacións que non obedecen á realidade.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que están encantados de felicitar ao Sr. alcalde polo cambio de postura, e, ademais, que se abra un diálogo cos concellos limítrofes, neste caso Culleredo, xa que parecía que cada un ía por un lado. Eles representan aos veciños de Cambre, pero teñen que convivir da mellor forma posible co resto dos concellos veciños, porque hai cousas deses concellos veciños que lles afectan a eles, unha delas vai nunha das preguntas que eles van presentar logo neste pleno, e outra é algo que recollían no seu programa electoral, a estación de ferrocarril na aceiteira do Temple, que pertence a Culleredo, e respecto da cal Julio Sacristán, alcalde de Culleredo, dixó hai pouco que optaba por unha estación alí.

Teñen que facer moitas cousas conxuntas e, polo tanto, están moi contentos dese cambio de actitude.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que os Sres. concelleiros redundan no seu cambio de actitude, e a súa actitude segue sendo a mesma. El díxoo aquí publicamente o outro día, e ademais saíu nos medios de comunicación, que tanto co alcalde de Culleredo, como co de Oleiros, o de Abegondo, o de Carral, ou o de Arteixo, todos limítrofes, con todos se leva ben, e con todos ten que falar, porque como xa dixó aquí publicamente, son concellos que están condenados a entenderse. Ademais, a súa unión

natural é con Culleredo xusto a través da ponte do Burgo, e non queda máis remedio que arranxalo.

Non é un cambio de parecer, el xa dixo o día do vertido do queroseno que reclamou unha solución ao conselleiro da Presidencia, á delegada territorial da Xunta, e aos xefes territoriais da Xunta, que estaban alí presentes, e foron a ver a ponte do Burgo, a varanda, a iluminación, e as beirarrúas. Tivo unha reunión aquí, coa delegada territorial, como xa dixo noutro pleno, precisamente para pedirlle que se fixeran tres carrís na ponte do Burgo, díxoo publicamente e disto xa hai catro meses. Non é un cambio de postura, a postura é a mesma, e el presume, ademais, de levarse ben con todos os alcaldes da comarca.

Conclúe dicindo que están condenados a entenderse, teñen que deslindar os municipios, teñen cousas comúns, como é a rede de sumidoiros, xa que Cambre verte na rede de sumidoiros de Culleredo, Culleredo verte na rede de Arteixo. Están obrigados a entenderse, e canto mellor vaian as cousas, mellor para todos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño di que están completamente de acordo co Sr. alcalde, pero o que pasa é que os xornalistas son como son, e contan as cousas, e, cando a un lle ven ben, di que son bos, e cando lle ven mal, di que os xornalistas son malos. Di que el cínquese simplemente ás declaracións da prensa, porque eles, como representantes dos veciños de Cambre, a gran maioría das cousas entéranse pola prensa, e é lamentable que o Sr. alcalde estea dicindo agora que se entende perfectamente co resto dos alcaldes, e, pola contra, a eles non lles conta absolutamente nada.

Di que tampouco é idea do Sr. Rivas o tema dunha pasarela peonil na marxe da ponte cun terceiro carril. Esa posibilidade manexábase xa hai 12 anos.

O Sr. alcalde responde que cre que non é unha discusión estéril pola súa parte. El non dixo que fora idea súa, el simplemente dixo que puxo a disposición do alcalde de Culleredo a maneira de suxeitala, para algo lle serven os estudos de enxeñería, cousa que non tiñan previsto en principio. A ninguén se lle ocorrera antes, ocorreuselle a el, pareceulles ben, e decidiron. Di que a idea dende logo non foi súa, porque a pasarela peonil está proxectada hai moitos anos, pero cre que cun aparato excesivo, e cun custo tamén excesivo. Se poden facer o mesmo e aforrar moitísimos cartos, benvido sexa, para o Concello de Culleredo e para os veciños de Cambre, que son os que o van a desfrutar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, en principio, alédase moitísimo de que a ponte do Burgo sirva como debate neste pleno, e se poñan de manifesto as necesidades que ten o Concello de Cambre e os concellos do seu contorno.

Di que a eles parécenlles moi ben as suxestións que fixo o Sr. alcalde aos técnicos da Xunta e aos responsables políticos da Xunta, pero tamén sabe perfectamente que a súa obrigación é defender os intereses dos veciños do Concello de Cambre, porque Cambre non pode renunciar a ter uns accesos en debidas condicións. A Cambre non se lle pode curtar unha boa mobilidade, a Cambre non se lle pode curtar o progreso, porque un concello sen accesos e sen infraestruturas viarias boas, é un concello morto, iso sábeno todos.

Eles o que botan de menos é unha falta de diálogo permanente que debería haber entre as tres administracións implicadas neste tema, que é a Xunta de Galicia, o Concello de Culleredo e o Concello de Cambre, porque a eles lles consta que o Concello de Culleredo, como se dixo aquí xa algunha vez, xa ten un proxecto contemplando a reforma da ponte nova da rúa do Burgo.

Quere dicir con isto que, baixo o seu punto de vista, non houbo o diálogo suficiente para chegar a acordos concretos para reformar a ponte. El espera que agora, entre Culleredo, Cambre e a Xunta, se chegue a un proxecto satisfactorio para que tanto Cambre como os concellos limítrofes teñan uns accesos como se merecen.

O Sr. alcalde contesta que o Sr. Taibo acaba de facer unha manifestación que a el non lle consta. El cando chegou á reunión onte pola mañá, ás 9:30, co alcalde de Culleredo na súa oficina, preguntoulle se tiña algún proxecto sobre a ponte do Burgo, e díxolle que non. Se o Sr. Taibo ten noticias de que o Concello de Culleredo ten un proxecto, pídelle que llo diga, porque el preguntou estritamente se tiñan un proxecto enriba da mesa, e o alcalde de Culleredo contestou que non, pero que sabía que o había na Xunta, que o vira, e que ese proxecto que fixera a Xunta non lle gustaba. Iso foi o que lle contestou o alcalde de Culleredo.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que eles cando fan unha manifestación deste tipo, non a fan en van. En resposta ás iniciativas que EU presentou ao pleno durante a anterior legislatura, o responsable naquel entón de Obras e Servizos informoulles da existencia dun proxecto autonómico sobre a seguridade viaria e actuación dende a ponte da pasaxe ata O Seixal, actuación que realmente se fixo, pero quedando no medio, discriminada, a ponte do Burgo, pola razón que o Sr. alcalde mencionou antes, un informe de Patrimonio que ía en contra do que era a igrexa do Burgo. Pero si existía un proxecto en base ao cal se actuou, e arranxouse a rúa Tapia e a rotonda do Burgo, tamén, pero a ponte quedou no medio.

Quere dicir con isto que o grupo de EU en multitude de ocasións trouxo ao pleno o tema da remodelación e iluminación da ponte do Burgo, da nova e da vella, e si existía un proxecto, e así consta nas actas.

O Sr. alcalde responde que el iso non llo discute, el ademais sabe que EU trouxo esa iniciativa aos plenos en repetidas ocasións. El simplemente lle di que onte día 18, cando foi a reunirse co alcalde de Culleredo, preguntoulle se tiña o proxecto da Xunta, e o

alcalde de Culleredo contestoulle que non. Preguntoulle se tiña algún outro proxecto para a ponte do Burgo, e contestoulle que tampouco.

El sabe que hai un proxecto antigo, unha pasarela colgada duns cables, que foi o que rexeitou Patrimonio, agora, o novo proxecto, ese non o ten Culleredo. En todo caso, con independencia diso, no que quedou co alcalde de Culleredo é en ir xuntos a próxima semana á Xunta de Galicia, presentar a súa iniciativa, que a recollan, e que fagan esa ampliación. Iso é o que lle pode dicir.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que agradece o cambio de postura por parte do Sr. alcalde sobre a decisión desta infraestrutura tan necesaria para Cambre e Culleredo, e oxalá esas xestións frutifiquen na Xunta e sexan unha realidade. O que si lle pide ao Sr. alcalde é que manteña informados a todos os grupos da oposición de todas as xestións que se fagan en relación a esta infraestrutura.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a adopción de medidas en materia de ocupación e loita contra o desemprego

Rexistrada de entrada ao núm. 367 o día 14 de xaneiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 30 de decembro, o goberno da nación, baixo a presidencia de don Mariano Rajoy aprobou o Real decreto-lei 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, decreto que foi convalidado, esta mesma semana polo Congreso dos Deputados, cos votos de PP e CIU.

Este decreto establece unha subida xeral dos impostos que castiga preferentemente ás clases medias e aos asalariados. En particular, e polo que se refire ás facendas locais, o artigo 8 do dito decreto-lei prevé unha subida dos tipos de gravame do Imposto sobre bens inmobles aprobados polos municipios non só para o próximo exercicio senón que se estenderá ao 2013.

En concreto, e para aqueles municipios que, como o municipio de Cambre, teñan sido obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para bens inmobles urbanos como consecuencia dun relatorio de valores total aprobado con anterioridade ao ano 2002 prevese un incremento do 10% dos tipos aprobados polos municipios conforme a Lei reguladora das facendas locais. Este incremento aplicarase tanto aos inmobles de uso residencial como aos de uso non residencial.

Isto significa que os tipos impositivos previstos na ordenanza fiscal pasarán para os inmobles de uso residencial do 0,65 a 0,71 sen que pola antigüidade da ponencia de valores de Cambre poidan aplicarse as medidas previstas no decreto de limitar o incremento aos inmobles de maior valor catastral.

A subida non ten en conta a situación económica dos cidadáns, das familias. Non o fai a Lei de facendas locais e tampouco o preveu a Lei do goberno, e todo iso no marco dun empeoramento do mercado laboral, consecuencia do descenso da actividade económica e que a propia secretaria de Estado de Emprego, Engracia Hidalgo, cualificou como non conxuntural.

Este aumento do desemprego cébase particularmente coa nosa comunidade (a segunda comunidade autónoma na que máis subiu o desemprego no mes de decembro, con 4818 desempregados máis), con esta provincia (que lidera as cifras de incremento do desemprego entre as provincias españolas con 2038 desempregados máis no mes de decembro) e con este municipio (o segundo concello no que máis creceu no último ano o paro dos da bisbarra da Coruña, un 11,6%, pasando de 1856 a 2072 desempregados).

Ante o esquecemento do goberno e a situación no concello do desemprego, coa finalidade de reequilibrar as consecuencias e repartir os custos desta grave situación económica e tendo en conta que o art. 86.1.f) contempla como actividades complementarias a exercer polos municipios a adopción de medidas en materia de ocupación e loita contra o paro, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao pleno a seguinte proposta de ACORDO:

Único: Instar ao goberno municipal de Cambre a que declare o incremento dos recursos obtidos a través desta modificación normativa afecto á adopción de medidas municipais de fomento directo de contratación e loita contra o desemprego dos veciños.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que están totalmente a prol da moción. Cando o Sr. alcalde lles deu instrucións a todos os concelleiros para que elaboraran as súas propostas de orzamento para as súas

respectivas áreas, fixéronse dous obxectivos, un era manter os servizos sociais, e o outro era incrementar as partidas destinadas a axudas á promoción económica e ao fomento do emprego.

Dixo que están totalmente a prol, pero hai unha cousa coa que non poden estar de acordo. O partido socialista pide que afecten unha parte dos ingresos a unha partida concreta, e iso eles non o poden facer. Eles o que poden facer é aumentar a previsión de ingresos e dotar partidas orzamentarias de gasto, pero non poden afectar unha partida concreta de ingresos a un gasto concreto, iso está prohibido.

En todo caso, entenden que o espírito da moción ten como obxectivo principal a loita contra o desemprego, e niso están totalmente de acordo. Na súa proposta de orzamentos xa están plasmadas algunhas iniciativas nese sentido, e se durante o debate dos orzamentos teñen que tomar algunha iniciativa máis, tomarase.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o importante da moción é o seu espírito, non é tan importante a palabra afección, e se a queren cambiar por outra, como é destino prioritario, ou como queiran, eles están de acordo, aquí o importante é a vontade política de destinar ese incremento da recadación á loita directa contra o paro.

Concedida a palabra aos voceiros de UxC, EU, BNG e GM, todos eles manifestan que van votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que van votar a urxencia dunha moción presentada por EU, pero que el segue dicindo o mesmo, que este tipo de escritos realmente non son unha moción, porque neste caso incluso vai en contra da lei e dos informes técnicos que teñen. Os grupos propoñen mocións que non teñen solución.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que a moción que traían hoxe a pleno tiña como obxecto actualizar os datos do Padrón municipal co fin de asignar os recursos sanitarios en función da poboación, isto como consecuencia dunha polémica moción do mes de setembro, polémica polo debate, na que solicitaban que se instara á Consellería de Sanidade a dotar dos recursos necesarios en materia sanitaria a Cambre, en función da súa poboación. Esa moción, da que non teñen resposta, saíu aprobada.

Explica que faltaban 237 habitantes para poder chegar aos 30.000 tan ansiados habitantes que necesitan reunir entre o Concello de Cambre e o Concello de Carral, para poder acceder a unha maior carteira de servizos sanitarios, e a intención da moción que presentan hoxe era, simplemente, intentar actualizar os datos do padrón, para intentar tamén rabuñar eses 237 habitantes, porque cre que dentro do sentido de todos eles está sempre intentar ter unha maior cantidade de servizos, neste caso sanitarios, para o Concello de Cambre.

Segue dicindo que, antes de entrar a esta sesión, entregáronlles un informe de data 17 de xaneiro de 2012. Rogaría que se ese informe é do día 17, e o día 17 estiveron aquí todos reunidos nas comisións informativas, tiveran a ben entregar a documentación no momento que a teñan, para que eles poidan preparar a documentación, porque igual que o equipo de goberno a prepara, a eles tamén lles custa un traballo chegar a este tipo de iniciativas.

Dito isto di que retiran a moción, porque son plenamente conscientes de que se a encargada do Padrón lles indica que é inviable a aprobación das cifras de poboación referidas a 1 de xaneiro de 2012, xa que a día de hoxe, o INE aínda non incorporou a información dos ficheiros e, ademais, acaban de aprobar a poboación referida a 1 de xaneiro de 2011, como ben dixo o Sr. alcalde, non ten sentido esta moción. Pero insiste en que xa o martes poderían terlles entregado o informe, todo isto por unha cuestión de diálogo democrático, que o goberno tamén sempre lles reclama.

Por outra parte, gustaríalle tamén, xa que retiran a moción, que se lles permita facer un rogo. Unha vez que sexa posible actualizar o Padrón de Habitantes, e rabuñar eses 237 habitantes que lles faltan, si lles gustaría que o Concello de Cambre e o goberno de Cambre loitara por intentar darlle a todos os veciños esa asistencia sanitaria a maiores que están pedindo.

Di que non é unha petición tan estraña, xa que o Padrón é algo tan importante que lles pode permitir acceder non só a servizos sanitarios, senón a moitos tipos de subvencións, e a outro tipo de axudas para o concello. Tamén lles gustaría que informasen sobre en que estado de tramitación está aquela polémica moción que saiu aprobada polo Pleno desta Corporación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que el pode contestar á primeira parte do rogo, pero non á segunda, porque non llo tiñan preguntado e non o preparou, pero non hai ningún tipo de problema, teñen unhas comisións o martes, e o martes comprométese a contestarllo.

Di que non teña a menor dúbida de que cando o Concello de Cambre, os veciños de Cambre, teñan un dereito, o actual goberno municipal será o primeiro en reclamálo, antes que calquera outro, porque esa é a súa responsabilidade, pero antes de ter o dereito non ten ningún sentido, porque co que se van atopar é con que lles digan que non. O día

que teñan dereito a reclamar máis servizos para os cidadáns de Cambre serán os primeiros en facelo.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro do Partido Galeguista Demócrata, integrante do GM. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro do Partido Galeguista Demócrata, integrante do GM.

C) Moción do concelleiro do Partido Galeguista Demócrata, integrante do GM, para o nomeamento dunha rotonda, rúa, glorieta ou outra infraestrutura co nome de Isaac Díaz Pardo

Rexistrada de entrada ao núm. 258 o día 11 de xaneiro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A figura de Isaac Díaz Pardo, recentemente falecido, levou consigo unha das persoas sobranceiras da nosa cultura que vai pechando un ciclo da nosa historia. Viviu e compartiu o galeguismo na súa orixe e naquel obradoiro do seu pai, Camilo Díaz Balaño, coñeceu a figuras universais da nosa historia como Otero Pedraio, Castelao, Cabanillas, Risco, Vilar Ponte e moitos máis que xuntos arrincaron do esquecemento a Galicia intelectual. O seu compromiso con Galicia iníciase en 1936, cando participa activamente na campaña a favor do Estatuto de Autonomía e continuará facéndoo coas ideas que traerá de Bos Aires. Xunto co pintor e escritor Luis Seoane, tratará de impulsar a recuperación económica e cultural da terra co Laboratorio de formas e o grupo Sargadelos. Dende a humildade, coa que sempre se caracterizou, seguiu contribuindo á dignificación de Galicia ao crear as Cerámicas do Castro, a súa editorial ou o museo Carlos Maside. A inxente actividade rexeneradora promovida polo intelectual galeguista atinxe a todo tipo de actos e iniciativas en que se plasma a súa idea, afastada das visións folcloristas, dunha nación galega proxectada cara ao futuro. Foi artista, editor, empresario, e ante todo foi unha desas persoas que construíron un país, unha cultura, unha forma de entendela dende a universalidade, pois a súa vida foi unha obra en si mesma.

Por todo iso, o PGD de Cambre somete a consideración do pleno a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Nomear unha glorieta, rúa ou outra infraestrutura municipal no Concello de Cambre.

Segundo: Instar á FEGAMP a que faga un comunicado a todos os concellos de Galicia a que opten pola mesma iniciativa que hoxe se propón neste concello.”

Concedida a palabra aos voceiros do PP, PSdeG-PSOE e UxC, manifestan que van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, por suposto, apoia a moción, polo que representou Isaac Díaz Pardo, e polo que representará no futuro a súa figura, para todos os galegos e galegas. Os seus valores, como xa se dixo aquí, a súa humildade, o seu carácter emprendedor, a súa defensa por Galicia, debería ser un reflexo para todos eles. É quizais unha das figuras da cultura galega que conseguiu dar un maior impulso á intelectualidade galega, que actualmente está avocada ao esquecemento.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vota a prol da moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto é totalmente a prol da moción. Ademais, a resultas da moción presentada, e sen querer quitar protagonismo a don Isaac Díaz Pardo e á súa figura, e como hoxe tamén gardaron un minuto de silencio polo falecemento do que foi presidente da Xunta durante 16 anos, don Manuel Fraga Iribarne, el quería facer unha proposta para que sexa estudada polo goberno e por toda a Corporación: que tamén don Manuel Fraga teña unha praza ou unha rúa en Cambre.

Di que con independencia de que poidan estar a prol ou non das súas ideas, el cre que foi un político cunha gran vocación de servizo de Estado, unha persoa que hai que destacar pola súa traxectoria, pola súa honradez, polo seu traballo e, sobre todo, pola súa austeridade, xa que viviu con austeridade e ata para falecer foi unha persoa tamén austera.

Por todo isto, el tamén pide, se pode ser, o recoñecemento polo Concello de Cambre da figura do que foi presidente dos galegos e que tanto fixo por Galicia.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que esa é tamén a súa intención, pero non neste pleno, porque a familia expresamente pediu que se esperara ata a semana que vén, despois do funeral que se celebrará en Santiago, para tomar este tipo de iniciativas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, sen querer entrar a debater a puntualización feita polo voceiro do GM, cre que debería presentar individualmente unha proposta deste tipo, xa que, en todo caso, meter a Isaac Díaz Pardo e a Manuel Fraga Iribarne no mesmo cesto, para el non é de recibo. Di isto con toda a sinceridade, porque para el, aínda que había algúns valores en común, tamén

había bastantes outros que eran bastante distintos entre os dous. Isaac Díaz Pardo defendeu uns dereitos democráticos ao longo de toda a súa vida, arriscando a súa vida, matándolle ao seu pai, estando na cárcere, etc.

Conclúe sinalando que cre que non deben mesturar ambas figuras, e pide un respecto, pero un respecto para os dous.

O Sr. alcalde manifesta que eles traerán unha moción, pode ser unha moción conxunta ou non, pero traerán unha moción ao próximo pleno, para o recoñecemento da figura de Manuel Fraga Iribarne. Agora están coa moción de Isaac Díaz Pardo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

5º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 19868 o día 23 de decembro de 2011, procedente da Presidencia da Xunta de Galicia, no que se agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión celebrada o 17 de novembro de 2011, e comunican que se lle deu traslado dese acordo á consellería competente para o seu coñecemento e para os efectos oportunos. Trátase da moción do PSdeG-PSOE, sobre “Cambre no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2012”.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 33 o día 3 de xaneiro de 2012, procedente do presidente do Senado, no que saúda á Alcaldía do concello e comunica que a certificación do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre, en sesión celebrada o día 17 de novembro de 2011, polo que se solicita a modificación da lexislación vixente na liña de introducir a dación en pago da vivenda como forma de liquidación da débeda hipotecaria, así como a implementación das medidas necesarias para paralizar os desafiuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevenida e involuntaria (810/000251/00001), foi trasladada ao voceiros dos grupos parlamentarios.

6º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 368 o día 14 de xaneiro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Infórmannos veciños de Andeiro que o centro social desta parroquia atópase sen luz exterior e que a pista polideportiva, anexa a el, ten un báculo de iluminación dobrado que corre risco de caer, non funcionando, ademais, outros situados nos arredores da pista.

Por todo o anterior, solicitamos se dean as ordes oportunas para reparar á maior brevidade as deficiencias sinaladas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que as ordes xa se deron hai uns días. Deste tema hai como 15 días que os avisou a asociación de veciños. Di que, efectivamente, houbo un accidente alí, un coche golpeou un báculo, e a ese báculo desprendéuselle a luminaria, pero en principio o báculo non ten risco de que caia. Están rematando de cambiar os cables que están nun poste vello, para pasar a un novo, e que se poida retirar o poste antigo que hai alí.

En canto, ás luces do centro social xa poderían estar reparadas se foran luces normais, pero son un tipo de bombillas que non hai en existencias. Están pedidas e tardarán uns días en solucionar o tema, pero está encamiñado.

2º Infórmannos veciños de Cela da situación de perigo existente como consecuencia dunha fenda aparecida no camiño municipal que na zona da Ponte linda co río Mero. Todo parece indicar que esta ten a súa orixe na perda de consistencia da marxe do río pola batida das augas, o que podería causar un desplome do citado vial, con perigo certo para as vivendas colindantes.

Por todo o anterior, solicitamos se leven a cabo, con carácter de urxencia, os estudos técnicos precisos para identificar a causa do problema denunciado, así como a adopción das medidas oportunas para resolvelo.

Don Manuel Marante Gómez confirma que a finais do mes pasado estivo vendo a fenda que se está formando alí, e o que se fixo foi poñer unha marcas para ver se seguía aumentando, para facer o informe pertinente en función do resultado. De momento non o ten, pero supón que nestes días os técnicos daranlle o informe, e cando o fagan, facilitarállelo.

3º Veciños de Sta. María de Vigo infórmannos da situación na que se atopa o lavadoiro público sito no lugar de Outeiro. Parece ser que na actualidade a auga do manantial que o serve non chega a entrar no lavadoiro, co cal non pode servir aos veciños da zona.

Por todo o anterior, solicitamos se reparen urxentemente as deficiencias denunciadas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que o problema deste lavadoiro é no verán, agora ten suficiente auga. Cando chegue o momento haberá que ver como solucionalo, algún veciño apuntaba como solución baixar un pouco o lavadoiro.

Agora ten auga, precisamente cando estiveron facendo a campaña coa xente do INEM, tres persoas se dedicaron a reparar lavadoiros e fontes, a ese non se lle tocou porque tiña auga, pero alí en Sta. María de Vigo tamén andiveron arranxando cousas. Haberá que agardar ao verán e, se seca, buscarlle unha solución.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o que están facendo os veciños, cando xurde o problema, é desprazarse a outros lavadoiros que están máis lonxe. Di que é certo que nestes momentos si está levando auga, pero sería conveniente miralo, porque non sempre baixa a auga.

Don Manuel Marante Gómez responde que cando xurda o problema van ter que actuar, pero agora vai o cano cheo. Di que hai outro que non ten auga ningunha, tamén en Sta. María de Vigo, que está destrozado, pero aquel ten máis difícil solución, porque a auga desapareceu bastante máis atrás, por algún pozo que se fixo.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 366 o día 14 de xaneiro de 2012.

1º Os pasos de peóns no noso municipio sufren dunha deficiente iluminación que en época de choivas os fan extremadamente perigosos.

Rogamos ao goberno municipal realice un estudo dos pasos de peóns analizando a súa situación, iluminación, visibilidade, etc. E de levar a cabo o dito estudo, se nos facilite.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que disto xa falon o outro día nas comisións, cre que foi por unha pregunta de EU, e queren reforzar aínda máis cun estudo de cada paso de peóns, non só da iluminación, senón tamén da situación, que nalgúns casos é perigosa, como xa manifestaron por escrito ao goberno no caso da rúa Tapia, onde están aparcando os coches encima, á altura do centro de saúde, e é perigosísimo.

Don Manuel Marante Gómez contesta que están de acordo, tal e como falon nas comisións. O que se vai intentar é poñer uns sinais luminosos de pasos de peóns nas zonas máis conflictivas. Tal e como quedou, facilitaralles a información cando a teña.

2º Hai uns días a Xunta de Galicia presentou un plan sectorial de ordenación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Rogamos ao goberno se nos informe en que afecta o dito plan ao noso municipio.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que o día 10 de xaneiro entrou neste concello un escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de solicitude de audiencia relativa ao plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu segundo parágrafo infórmase que este plan sectorial ten

como obxectivos fundamentais cuantificar e localizar a superficie necesaria do solo empresarial que debe urbanizarse no ano fixado como prazo no plan sectorial para cubrir as necesidades da demanda estimada, así como definir os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións de carácter empresarial, para cubrir a longo prazo as necesidades de solo empresarial derivadas da aplicación das DOT, mediante o escudo da capacidade de acollida do territorio para actividades empresariais.

Di que dentro dese solo que se fixa, en Cambre aféctalles a dous plans de sectorización situados no polígono de Espírito Santo, o SAU-I2 e o SAU- I3, un de aproximadamente 70.000 m² e outro de 36.796 m².

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que con isto quere dicir que é a Xunta de Galicia a que vai dicir como van crecer as zonas empresariais en toda Galicia. Segundo ese estudo Cambre non vai poder crecer máis do que xa é o polígono industrial do Espírito Santo, xa que lles din que tanto o do Temple como o de Cela están fóra de ordenación, e só contempla esas dúas ampliacións, que é a de F33 e onde está a telleira antiga.

Di que UxC propuxera no seu programa electoral a creación de tres a catro millóns de metros cadrados de solo industrial entre os Concellos de Cambre, Sada, Oleiros e Bergondo. Realmente o estudo da Xunta está mal feito, porque non contempla polígonos industriais de Oleiros, que existen, e contempla como un polígono espontáneo o polígono de Sada, que está fronte do Espírito Santo.

Eles o que solicitan é que se fale co resto dos concellos, que se fagan as alegacións pertinentes a ese plan, porque para Cambre é imprescindible que poidan ter solo industrial. Están falando de xerar emprego, e a mellor forma de facelo é ter solo industrial que poder ofertar, para poder competir con esas grandes áreas que di a Xunta que van a ser, que son a área de Arteixo, Carballo e Cerceda. Aí é onde prevé a Xunta de Galicia o gran crecemento industrial, co cal Cambre quedaría fóra de xogo.

A Xunta di que contempla iso tendo en conta os aspectos relativos ao medio físico, estrutura do territorio, características socioeconómicas, valores ambientais, paisaxísticos e estratéxicos, elementos do patrimonio cultural, redes de infraestruturas viarias, ferroviarias, nós de transporte, infraestruturas de servizos, entre outras.

Pois ben, todo o que di a Xunta que valora para ter solo industrial, Cambre e o seu contorno o ten. Por iso hai que falar deste tema, incluso dentro do Consorcio das Mariñas, aínda que en principio afecta aos catro concellos dos que antes falou. Cambre ten todo o necesario, contando sempre, con como está pintada no avance do Plan xeral a Vía Ártabra.

Polo tanto, solicitan ao Sr. alcalde que se fagan as alegacións pertinentes e que lle dean unha volta a todo isto, antes de que se atopen con que non poden crecer máis.

Dona Rocío Vila Díaz responde que recollen a petición. Estudarán o tema e tomarán as medidas necesarias no prazo dun mes que está aberto para audiencia dos interesados.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 356 o día 13 de xaneiro de 2012, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º De todos é sabido o rexeitamento popular á instalación dunha gasoleira na estrada do Temple a Cambre, moi controvertida pola súa situación, que en máis dunha ocasión ten provocado mobilizacións no concello.

Sendo conscientes da preocupación e sensibilización manifestada dende o goberno local e do conxunto da Corporación en contra da instalación, o grupo de EU presenta o seguinte rogo:

Se nos informe cales foron as últimas xestións ou negociacións realizadas polo Sr. alcalde para tentar paralizar a construción da gasoleira, e que o goberno solicite dos servizos técnicos e Policía Local un informe relativo á densidade de tráfico e problemas de circulación que pode producir a mencionada industria, dado que as circunstancias e o propio procedemento son manifestamente distintos ao ano 1997.

O Sr. alcalde responde que dende o mes de novembro non hai ningún tipo de negociación, é dicir, a empresa construtora está enrocada na súa postura de facer a gasoleira, dado que ten a licenza e ten todos os papeis en regra e, polo tanto, non hai ningunha comunicación, nin sequera xestión.

Di que é verdade que el pediu un informe á Policía Local, que se está confeccionando, porque hai que ver o volume de tráfico, hai que ver tamén a estrada como vai quedar, porque se a gasoleira segue adiante, que el aínda ten esperanza de que así non sexa, haberá que ver o fluxo de tráfico, haberá que curtar os xiros á esquerda da xente que vai de Cambre ao Temple, supoñendo que iso siga adiante, que el volve dicir que segue tendo esperanzas de que non vaia.

Don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que é a súa obriga, como grupo da oposición, solicitar información para que os veciños teñan un coñecemento directo de como está a situación. Cre que as cousas ás veces hai que pensalas un pouco máis, porque hai palabras e frases que quedan na retina dos cidadáns. Cre que o Sr. alcalde foi pouco afortunado cando dixo publicamente que alí se estaba facendo comedia, que realmente non se facía ningún tipo de obra, porque a realidade é bastante distinta. Agora todos se deron conta que non están facendo comedia, que aí se están comezando unhas obras de infraestrutura, e que a gasoleira vai para adiante.

Di que por iso pediron información e, xa que o Sr. alcalde respondeu que dende novembro non teñen ningún tipo de contacto, solicitan que se faga un informe, porque,

evidentemente, a situación cambiou bastante dende o ano 1997 ata o día de hoxe con respecto ao fluxo de tráfico que hai aí, e incluso a perigosidade que pode supoñer ese tráfico, e o colapso do municipio de Cambre, porque todos observan como en días puntuais, e sen ser tan puntuais, as caravanas chegan case dende O Temple a Cambre. Pensa que iso deben telo en conta, é un tema que non se pode esquecer e non vale só con ir ás manifestacións e despois olvidarse del. Cre que é un tema no que deben insistir permanentemente se queren conseguir algo positivo, e considera que esa é a sensibilidade que teñen todos.

O Sr. alcalde contesta que el non pretende iniciar unha discusión co voceiro de EU. El fixo esa manifestación, pero non aseverou, el dixo que lle parecía, polo que levaban falado ata novembro, que eles tiñan que xustificar a súa licenza. El tiña previsto que pararan e que seguira a comunicación co concello. A empresa está no seu dereito, enrócase, di que ten a súa licenza en regra e vai executar a obra.

Manifesta que o Sr. Taibo está a acusalo de algo que ata lle parece estraño. Di que el é o primeiro que non quere esa gasoleira aí, e non foi el quen lle outorgou a licenza, el pelexa todo o que pode porque non se faga esa obra. Sabe que é un problema que se arrastra do ano 1997, pero nin el nin este equipo de goberno é o responsable. Oxalá a puidera paralizar, e se puidera facelo, facíao hoxe, ao saír do pleno, pero non pode facelo, e segue negociando, ou intentando negociar, e segue presionando, aínda que ao voceiro de EU non llo pareza, e aínda que el non o diga publicamente. El segue adiante, presionando por onde pode presionar, pero reitera que é o primeiro, e cre que este equipo de goberno así o manifestou, en non querer aí a gasoleira, polo ben dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o Sr. alcalde si que está manifestando cuestións que el non lle dixo. El non o acusou absolutamente de nada, todo o contrario, acaba de dicir neste rogo que todos estaban no mesmo barco, goberno e oposición, díxoo claramente, e pregúntalle ao Sr. alcalde quen o acusou de nada.

Sinala que o único que repetiu foron unhas palabras ditas polo Sr. alcalde, pero que este tomou as cousas dunha maneira que non son. É mentira que o acuse de nada, porque cre que nesta situación e neste barco están todos, e todos teñen que arrimar o ombro. Todos saben que o actual goberno non deu a licenza, pero é o Sr. alcalde e o seu equipo de goberno os que están agora aquí, e a eles lles corresponde tomar as iniciativas, o seu grupo, nese sentido, apoíalos, porque cre que a sensibilidade é compartida por todos.

2º O grupo municipal de EU ten presentado varias iniciativas solicitando se promovan as medidas necesarias, co fin de que o noso concello sexa compensado polo goberno do Estado, pola bonificación fiscal do 95% do IBI, que se recoñece á empresa concesionaria da autoestrada AP-9 que discorre polo noso termo municipal. Con esta bonificación as arcas do concello deixaron de ingresar só no ano 2007 a cantidade de 168.848 euros correspondente ao Imposto de bens inmobles.

Tendo en conta o anterior, o noso grupo prega se nos informe da situación actual en relación coa reclamación do IBI a *Autopistas del Atlántico*, e dos trámites realizados polos servizos xurídicos da Deputación Provincial da Coruña.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que ten unha reunión pendente con don Ramón Valentín, que é o letrado da Deputación que leva este e outros asuntos do Concello de Cambre. A súa intención era ter esa reunión esta semana, non puido facelo, e seguramente a terá a semana que vén, co fin de poñerse ao día de todos os asuntos que está levando, entre eles este.

Di que o que el sabe é que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Pontevedra que non é moi favorable aos intereses do concello. En todo caso, quere que o letrado en persoa lle diga cal é o seu parecer e despois informaralles do asunto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pídelle que pregunte no concello ou na deputación se, ademais desa sentenza de Pontevedra, hai outro tipo de sentenzas relativas ás denuncias e recursos presentados pola Deputación da Coruña a petición do pleno de Cambre, e a petición de EU.

3º A rúa A Lagoa carece de sinal indicativo que amose que está curtada nun dos seus extremos, o que ten producido problemas de tráfico e seguridade viaria nun lugar de moita circulación, e deficientes accesos.

Pregamos se sinalice como corresponde a devandita rúa.

Don Manuel Marante acepta o rogo.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 368 o día 14 de xaneiro de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Veciños de Andeiro denuncian a situación de perigo que sufren causada por unha actuación municipal, en verdade nada afortunada, destinada a dotar de seguridade viaria o tramo de estrada que vai dende a pista polideportiva ata o lugar da Bouza. A citada actuación consistiu en cubrir a cuneta existente para que os peóns puideran circular con máis comodidade. O certo é que por estar a senda executada á mesma altura que a calzada os vehículos a utilizan como parte do seu firme, co conseguinte risco de atropelos. Con base en todo anterior, este grupo pregunta:

Que medidas ten pensado adoptar o goberno municipal para garantir a seguridade viaria na citada zona?

Don Manuel Marante Gómez contesta que se trata dunha estrada da deputación. Efectivamente fíxose unha actuación alí que está xerando bastantes problemas de

inseguridade. Está pendente de ter unha reunión conxunta co enxeñeiro da deputación e mais co enxeñeiro de Cambre, para ver eses puntos conflictivos que hai tanto na estrada de Andeiro, como na de Anceis, como na que vai de Cambre a Bribes. Son bastantes as zonas conflictivas que hai, e queren ir unha mañá in situ a ver todos eses temas.

Conclúe dicindo que está pendente diso, con independencia de que ao mellor se faga algunha proposta dende o concello, pero están no tema.

Don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, manifesta que, precisamente agora que o Sr. concelleiro o comenta, noutra vía da deputación, como é a estrada que vai de Cambre ao Temple, á altura de onde antes falaron da gasoleira, púxose un beirado para separar, polo menos fisicamente, a estrada do que é a senda peoníl. Ese pode ser un exemplo a tomar en Andeiro.

2ª En informacións aparecidas nos últimos días en medios de comunicación locais recóllese que no mapa de tramos de concentración de accidentes (TCA), elaborado pola Fundación Cidaut a instancias da Dirección Xeral de Tráfico, a estrada provincial CP-1706, no tramo que une Cambre co Temple, aparece como un punto negro, en canto existe un maior perigo de sufrir un accidente de circulación. Con base en todo o anterior, este grupo pregunta:

Que medidas ten pensado demandar o goberno municipal á Deputación Provincial, administración titular do vial, para mellorar a súa seguridade?

Don Manuel Marante Gómez sinala que contesta o mesmo que na anterior pregunta, van mirar todos os puntos conflictivos que hai nas estradas da deputación, para intentar buscarlles algunha solución.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entenden que un tramo como este, que ten moita circulación, necesita un estudo técnico específico, porque lles están chegando demandas de pasos de peóns nalgúns sitios, sobre todo á altura do que son as marquesiñas. Evidentemente isto está collendo un carácter de travesía, agardan que despois no Plan xeral poidan recollelo, pero, mentres tanto, hai que adoptar medidas, xa que hai situacións de perigo, e hai unha demanda de seguridade por parte dos veciños.

3ª A empresa *General de Terrenos y Edificios S.L.*, da que o Banco Pastor posúe a totalidade do seu capital social, é propietaria dunha parcela no polígono de Espírito Santo, cunhas dimensións aproximadas de 70.000 metros cadrados.

No seu momento, cando o SEPES promoveu a citada actuación de solo industrial, os compradores de parcelas viñan obrigados a construír unha edificación ou instalación industrial na porcentaxe, prazo de inicio e de terminación comprometidos na solicitude de petición de compra de parcela, así como a exercer a actividade empresarial proxectada por un período mínimo dun ano. O incumprimento desta obriga facultaba ao

ente público vendedor a instar a resolución da compravenda realizada, recuperando a titularidade sobre o inmovible. O certo é que algúns compradores, como é o caso de *General de Terrenos*, non executaron ningunha actuación edificatoria, mantendo a propiedade cun ánimo meramente especulativo. Con base en todo o anterior, este grupo pregunta:

Ten pensado o goberno municipal dirixirse ao SEPES requiríndolle a que resolva o contrato de compravenda, anteriormente sinalado, por incumprimento das obrigas contractuais por parte de *General de Terrenos y Edificios S.L.*?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que os técnicos municipais facilitáronlles unha petición de parcela do SEPES na que, no punto número 4 das condicións básicas da compravenda, di que o comprador se obriga a construír na parcela adquirida unha edificación ou instalación industrial, de acordo coas determinacións específicas do plan parcial de ordenación do polígono, e a iniciar e executar as obras nos termos que establece a lexislación urbanística aplicable. Consultada a lexislación aplicable nese momento, que era a Lei 1/1997, e o plan parcial, en ningún momento se recolle que teñan un prazo para executar as obras.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que este tema da comercialización das parcelas levouse por parte da Axencia de Desenvolvemento Local, e no seu momento xerou uns ingresos moi interesantes para o concello. El ten un documento de petición de compra de parcela, que non é o que se utilizou para a venda das parcelas no polígono de Espírito Santo, pero si é unha actuación similar, e cre que había unhas obrigas en canto á construción e transmisión dese tipo de parcelas. Neste caso habería que pedir información, pero entende que non se cumpriron.

Dona Rocío Vila Díaz responde que, entón, sospeita que teñen dúas peticións distintas de documentación. Ela a que lle entregaron hoxe dende Desenvolvemento Local pon o que dixo antes, e en ningún momento marca ningún prazo.

Don Augusto Rey Moreno pide que se aclare coa Axencia de Desenvolvemento como foi no seu momento.

Pregunta de UxC presentada por escrito

Antes de dar lectura á pregunta presentada por escrito, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el sabe que o Sr. alcalde é un home de palabra e que se lle ten que ter olvidado responder a un rogo que o seu grupo fixo no pleno anterior, e que lle lembrou na Xunta de Voceiros.

Di que o rogo era polas declaracións en prensa onde se recollía que un técnico municipal dixera que a Vía Ártabra non estaba contemplada no documento de inicio do Plan xeral. No pleno pasado contestáronlle que o grupo de goberno non lera absolutamente nada sobre ese tema e pediron se lles podían facilitar esa noticia. Ao día

seguinte, ás 9:00 da mañá, entregou a documentación no despacho do Sr. alcalde e o asesor de prensa dixo que si, que el sabía desa noticia. Polo tanto, gustaríalle que lle contestasen.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o que contestou foi el. Contestou dicindo que non tiña coñecemento dese asunto, agora xa o ten, porque, efectivamente, a primeira hora da mañá do día seguinte entregóullelo o concelleiro de UxC e, ademais, mandoullo a el por correo. O que lle pode dicir é que non ten nin idea de por que na prensa aparece iso, porque lle pode asegurar que ninguén do goberno, nin ningún dos traballadores deste concello, que el teña coñecemento, dixo a ningún xornalista que tiña esa opinión.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece a resposta e di que lle gusta máis que dicir non sei nada, non vin nada.

A continuación dáse lectura á pregunta rexistrada de entrada ao núm. 365 o día 14 de xaneiro de 2012.

1ª O 18 de decembro do ano pasado, o alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, fai unhas declaracións á prensa onde comenta que no apartado de infraestruturas viarias o documento inicial (de Culleredo) tamén prevé unha conexión rodada entre Almeiras e A Barcala, actuación que será posible executar se o PXOM de Cambre así o prevé cunha ponte sobre o río Mero na Marisqueira.

Ten noticias o goberno municipal que tipo de vía, e situación dela, á que se refire o alcalde de Culleredo?

O Sr. alcalde contesta que na reunión que tivo onte, o alcalde de Culleredo díxolle que pretendía facer unha infraestrutura viaria dende Almeiras, facendo unha ponte sobre o río Mero, a conectar saíndo na parte sur da Barcala, onde está a gasoleira, e quería que a discutisen os técnicos de Cambre e de Culleredo para ver a súa viabilidade e podela meter no Plan xeral de Culleredo e no Plan xeral de Cambre.

El tomou nota, recolleu un plano que se trouxo, e van estudalo cos técnicos municipais. É o único que lle pode contestar, porque non ten máis noticias. Di que nese plano a vía non está trazada, é un plano xeral onde o alcalde de Culleredo pintou a lápiz unha posible vía, pero non ten máis datos que darlle porque non os hai.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 356 o día 13 de xaneiro de 2012, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª Poden informarnos das medidas concretas sobre o aforro enerxético que se están levando a cabo nas instalacións de iluminación pública e dependencias municipais do

concello, e cales son as previsións de reducións de consumo previstas no plan de optimización.

Don Manuel Marante Gómez contesta que neste momento as actuacións que se están facendo son na Barcala, O Temple e Cambre, nos núcleos máis urbanos do concello. Dende o día 7 de xaneiro comezaron a apagar as luces dende as 00:00 horas ás 7:00 da mañá. Nas zonas onde hai numerosas bombillas postas estase apagando 2/3. Noutros sitios, onde están máis separadas, apagan ao redor dun 50%.

O día que se comezou a poñer en funcionamento o sistema, como hai que actuar en máis de corenta cadros nesas tres zonas, non deu tempo a poñelos todos a funcionar, quedaron algúns, pero dos que se foron comprobando el cre que é suficiente luz a que vai quedando. Non obstante, di que pode haber algunha zona, ao mellor algún punto obscuro, onde teñan que actuar e prender algunha bombilla a maiores.

Tamén hai algunhas zonas onde se comprobou que as instalacións estaban nalgún caso mal feitas, porque para estar ben deberían estar, cada tres, intercaladas en circuítos diferentes, co cal poderían apagar dúas e deixar prendida unha, ou ao revés, prender dúas e apagar outra, etc., pero hai algunhas zonas onde están só cun circuítos e, entón, ou apagas todo ou prendes todo. Están tratando de ter resoltos todos estes problemas que foron aparecendo para finais de mes.

En canto ás parroquias, unha vez que acaben nas tres zonas que citou, irán vendo en cada núcleo o que se pode apagar, ou quizais, como son zonas nas que normalmente xa están máis distanciados os farois, ao mellor hai zonas onde non se pode actuar, e outras onde ao mellor o que se pode é poñer un reductor de fluxo, e así, sen apagar ningunha, que durante certas horas da noite, baixe o consumo.

Conclúe dicindo que o aforro que se logre haberá que velo a finais de ano, e facer unha comparativa co ano anterior. El espera que o aforro estea en torno a un 40% de consumo.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ía comentar precisamente o que mencionou o Sr. concelleiro, que hai determinadas zonas que son puntos críticos, como é a estrada de baixada á estación, na que é certo que o aforro é moi importante, pero a seguridade viaria prima tamén.

Non lle gustaría deixar de comentar que tan importante como o tema do aforro é fomentar as enerxías renovables, para incluílas dentro dese plan. Son obxectivos importantes do que ten que ser unha política medioambiental sa dun concello. Por iso animan ao goberno a que siga por esta liña, tanto do aforro como polas iniciativas que permitan loitar dende o concello contra os efectos do cambio climático.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que está de acordo. En canto á Ctra. da Estación di que foi precisamente o primeiro punto que comprobaron, incluso previamente ao día

7, hai un ou dous meses. Foi un sitio onde foron mirar para ver o efecto que facía, e apagáronse dúas de cada tres luminarias. Foron a pé pola zona e di que se vai andando perfectamente pola beirarrúa, e que se ve perfectamente dende o fondo da Ctra. da Estación se vén outro peón camiñando no outro extremo. Loxicamente diminúe moito a claridade, pero vese perfectamente entre as 00:00 h e as 07:00 h da mañá, que é a hora na que entenden que se necesita un pouco máis, porque hai xente que vai traballar, nenos que van aos colexios, etc.

Tamén estiveron vendo, por exemplo, que se saen da casa do concello e van á praza, case se ve mellor que de día, por iso esa zona estase apagando practicamente toda.

Conclúe dicindo que ao que se deu preferencia foi a que todos os pasos de peóns e cruzamentos perigosos quedaran iluminados, despois o resto, a quen lle coincide, lle coincide.

A continuación, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a pregunta número 2 que tiñan presentado, está directamente relacionada coa moción sobre a seguridade na ponte da ría do Burgo presentada por todos os grupos. Foi unha pregunta que se presentou antes da moción e, polo tanto, o seu grupo vai retirala, pero non sen antes sinalar que este é un problema que formularon en multitude de ocasións, cun total de seis iniciativas presentadas, sen contar un escrito presentado no concello o día 26 de setembro, que se lles contestou hoxe pola mañá, e no que preguntaban se había un proxecto neste concello sobre a ponte.

Cre que teñen que tomar boa nota deste tema, porque pensa que pasou un tempo bastante prudencial como para que se lles dixera se había proxecto ou se non o había, e contestóuselle hoxe. Reitera que se lles entregou hoxe a resposta, e el xa desconfía de porque se fixo así, tendo en conta que agora tiñan varias iniciativas relacionadas con ese tema.

3ª As obras de mellora de seguridade viaria na estrada AC-213 entre a Telva e Os Campóns, levan paralizadas varios días.

Poden informarnos dos problemas ou motivos que levaron á paralización das mencionadas obras e se está previsto o seu reinicio a curto prazo?

Don Manuel Marante Gómez contesta que as obras están paradas oficialmente por problemas de prazos. É dicir a empresa ten un prazo para executalas, e se non o cumpre será penalizada, por iso se paralizaron as obras oficialmente á espera de que Telefónica e Fenosa modifiquen unha serie de instalacións afectadas. Tan pronto como iso se faga, cren que nun prazo de mes e medio máis ou menos, reiniciaránse as obras inmediatamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que iso vén polo posible prexuízo aos veciños e ás persoas que habitualmente pasan por alí, e sobre todo por un

tema de seguridade, porque cando as obras se prolongan bastante no tempo e non se ve actividade, a deterioración é moito maior e o perigo e a inseguridade é evidente neses casos.

Don Manuel Marante Gómez di que a empresa foi a que pediu que se paralizara o cómputo do prazo, porque senón, ía incumprilo por culpa de que Telefónica e Fenosa non fixeron os cambios que lles afectan. Por iso, tan pronto estean eses cambios, a empresa reiniciará de inmediato os traballos.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que se é así, non sabe como nun proxecto desta envergadura non se tiveron en conta as modificacións ou os cambios de liña ou infraestruturas que teñen que facer outras empresas, neste caso é Telefónica, ou podería ser Augas, ou quen sexa. Imaxina que no proxecto deberían estar contemplados os prazos e ese tipo de actuacións, porque non é unha cousa de improvisar.

Don Manuel Marante Gómez contesta que hai cousas que están previstas no proxecto, houbo modificacións que se foron facendo sobre a marcha, xa que ás veces cando un se pon a facer as obras in situ, atópase con algún problema que hai que modificar, ou que queda mellor facéndoo.

El non sabe o que foi, pero o que si sabe é que o problema neste caso é con esas dúas compañías, que teñen que facer uns traballos, non sabe se son novas ou se ían todas nos proxectos, pero algunhas modificacións sabe fixo que son novas, que non as contemplaba o proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás considera que sería interesante que esta información se transmitira e publicara, para que a xente saiba a razón de que estean paralizadas as obras.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia